

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

--	--

Tendo en conta que este 3ª trimestre seguiremos repasando os estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª avaliación, os estándares serán os mesmos, xa que non considero que haxa estándares imprescindibles para esta 3ª avaliación, e polo tanto serán dados no curso seguinte.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise das producións do alumnado, observación sistemática, intercambios orais co alumnado, cuestionarios e probas específicas.</p> <p>Para o terceiro trimestre utilizaremos a análise das producións do alumnado e o intercambio oral ou escrito con eles, tendo especialmente en conta as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado e para as súas familias, e a vulnerabilidade emocional que provoca o confinamento.</p> <p>Instrumentos: Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:</p> <ul style="list-style-type: none">- Análise das producións do alumnado: textos escritos, textos orais, resolución de problemas, cadernos de clase, producións plásticas, producións musicais, producións motrices..- Observación sistemática: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas...- Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común...- Cuestionarios: probas orais, probas escritas.- Probas específicas <p>Para o terceiro trimestre, de acordo co explicado no apartado anterior, empregaremos a análise das producións do alumnado, a súa participación nas propostas programadas e o intercambio oral ou escrito con eles.</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso, valoraremos especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas neste documento que foron traballadas durante os dous primeiros trimestres, e serán o contido das propostas de repaso, recuperación e reforzo programadas para o terceiro trimestre.</p> <p>A cualificación final será a nota media entre as cualificacións do primeiro e do segundo trimestre do curso, engadindo a valoración das actividades desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terá en conta na cualificación final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación:

	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades para reforzar os contidos fundamentais da 1ª e 2ª avaliación. Actividades interactivas sacadas de distintos blogs de relixión, videos, fichas e cancións.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Apostarase por unha metodoloxía flexible, aberta e participativa tendo en conta as circunstancias excepcionais que estamos a vivir. Tentarase apostar por tarefas integradas e competenciais (globalizadas e interdisciplinares)
Materiais e recursos	Os traballos e tarefas de relixión católica súbense ao blog de cada curso.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias.</p> <p>Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.</p>
Publicidade	<p>Esta adaptación da Programación do curso 2019-2020 será publicada na web do centro.</p>